



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



EDUCACIÓN INFANTIL



PROGRAMACIÓN XERAL

Presentamos a programación xeral do curso escolar 2025/2026, horarios, calendario escolar, actividades complementarias, e información de interese para as familias.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com





COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



ÍNDICE

1.- POLÍTICA DE CALIDADE	3
2. OBXECTIVO E LEMA DO CURSO	4
3. HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR	5
HORARIO	5
CALENDARIO ESCOLAR 2025-2026	5
4. AVALIACIÓNS	6
5.- ACTIVIDADES, CELEBRACIÓNS E SAÍDAS CULTURAI	6
6. COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	7
7. OFERTA ESCOLAR	8
AULA MATINAL:	8
SERVIZO DE MEDIODÍA	8
PSICÓLOGO EXTERNO	8
COMEDOR	8
8. NORMATIVA	8
9. PLANIFICACIÓN PASTORAL	8
10. POLÍTICA LINGÜÍSTICA	10
CARTA ERASMUS+	10
AUXILIAR DE CONVERSA	10
11. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TICS	11



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



1.- POLÍTICA DE CALIDADE

Quen somos ...

A Congregación de Siervas de San José, titular do Centro San José da Guía, situado no barrio de Teis, Vigo, ten como misión a evanxelización e promoción do mundo traballador e pobre.

A Familia de Nazaret, fogar e taller, inspira o noso quefacer educativo.

O Centro está **ABERTO A TODOS**, sen distinción de raza, crenzas relixiosas, ideas políticas... cunha especial atención aos que máis nos necesitan.

Ofrecemos unha **FORMACIÓN INTEGRAL DO ALUMNADO** en colaboración cos pais, e intentamos dar respostas ás necesidades que se suscitan na nosa COMUNIDADE EDUCATIVA, dende o punto de vista humano, cristián, cultural, e académico.

O modelo educativo do noso Centro baséase nunha concepción cristiá do home, da vida e do mundo, dentro do respecto a outras crenzas.

A Fe, o Traballo e o Amor son eixes transversais da nosa tarefa educativa.

Os nosos valores...

Que ofrecemos ...

Queremos ser percibidos como un Centro que pretende formar persoas que opta, entre outros, polos seguintes principios:

PEDAGOXÍA PERSOALIZADA centrada no alumno e que pretende alcanzar o seu desenvolvemento Integral.

A educación en valores cristiáns.

Unha **METODOLOXÍA ABERTA, FLEXIBLE E ACTIVA** que se adapte ás características do grupo de alumnos, ao seu momento evolutivo e á realidade do contorno, e que posibilite que se transformen en suxeitos activos da súa propia aprendizaxe.

A **FORMACIÓN INTELECTUAL DO ALUMNO** que pretende espertar a inquietude pola procura da verdade, pola investigación, a valoración crítica da realidade e a capacitación profesional.

Unha **EDUCACIÓN MÁIS ALÓ DA AULA E DO HORARIO ESCOLAR** e que ten en conta a formación para o lecer. Preparación do alumnado para o uso constructivo dos Medios de Comunicación Social e das novas tecnoloxías.

CONSIDERA A AVALIACIÓN COMO UN PROCESO

CONTINUO que abarca os aspectos e dimensións do proceso educativo e da vida do Centro.

Mediante a posta en práctica destes principios pedagóxicos e humanos, **PRETENDEMOS MELLORAR O NIVEL CULTURAL DA NOSA COMUNIDADE EDUCATIVA E O SEU COMPROMISO CRISTIÁN**

A nosa opción pola persoa a fundamentamos na antropoloxía e cultura que se inspira no Evanxeo. Jesús de Nazaret é o noso modelo de persoa. Segundo isto queremos educar nos nosos valores de:

PAZ, TRABALLO, LIBERDADE, AMOR, SOLIDARIEDADE, XUSTIZA, SENCILLEZ, COLABORACIÓN

A Dirección transmite e vela polo cumprimento de todos os requisitos legais e reglamentarios necesarios para o desenvolvemento da súa actividade.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



2. OBXECTIVO E LEMA DO CURSO

OBXECTIVO XERAL ANUAL

O obxectivo do Centro para o curso escolar 25/26 é:

“Construir unha comunidade máis equitativa sendo persoas conscientes e activas nunha contorna diversa”

LEMA DO CURSO

“ONDE QUEIRA QUE VAIAS”

En cada nivel educativo establecen os seus obxectivos específicos, tal e como se indica ao longo desta programación.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Desenrolar as súas capacidades emocionais e afectivas.
- ✓ Desenrolar actitudes axeitadas ante as normas da escola, os traballos individuais e a participación colectiva.
- ✓ Fomentar hábitos para o coidado da nosa contorna.
- ✓ Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- ✓ Desenrolar habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.

TRATAMENTO INTEGRADO DAS LINGUAS (TIL)

Como Centro plurilingüe que fomenta a integración das linguas, plantexamos os seguintes obxectivos para o curso 25/26:

- ✓ Introducir e potenciar o uso do Galego no alumnado dende Educación Infantil.
- ✓ A nivel oral: coidaremos a coherencia e a cohesión da lingua na que temos que falar tendo en conta o carácter plurilingüe do Centro.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



3. HORARIOS E CALENDARIO ESCOLAR

HORARIO

8:55h – 13:55h

HORARIO DE VISITAS

Dirección

- Luns de 12:00 h a 12:50 h.
- Martes de 16:30 h a 18:30 h.
E sempre que haxa algo urxente.

Secretaría

- De luns a venres de 09:00 h a 10:00 h e de 13:00 a 15:00 h.

Administración

- De luns a venres de 09:00 h a 11:00 h.

Titores/as e docentes

- Os martes de 17:30 h ata 18:30 h. Cada titora ofrecerá outras alternativas dependendo da súa disponibilidad.

ORGANIZACIÓN DAS TITORÍAS

- Reunión en xuño e setembro cos pais/ nais / titores de 4º de Ed. Infantil.
- Reunión o 16 de setembro coa pais/nais/ titores de 4ª de Ed. Infantil.
- Reunión o 23 de setembro cos pais/nais e titores de 5º e 6º de Ed. Infantil na clase.
- Titorías individuais o martes de 17:30 a 18:30h.

CALENDARIO ESCOLAR 2025-2026

Este curso as clases **inciáronse** o 8 de setembro de 2025 e **rematarán** o 19 de Xuño de 2026, ambos inclusive.

As **vacacións de Nadal** serán dende o 20 de decembro de 2025 ata o 7 de xaneiro de 2026, ambos inclusive.

O **Entroido** será dende o 16 de febreiro ata o 18 de febreiro de 2026.

A **Semana Santa** será dende o 30 de marzo ao 7 de abril de 2026, ambos inclusive.

O **día do ensino** será o 31 de outubro.

O día 3 de novembro non teremos clase.

Os días non lectivos elixidos polo centro serán o 5 de decembro de 2025 e o 4 de maio de 2026 (Pendientes de confirmación).

Os días non lectivos



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



CALENDARIO ESCOLAR 2025 – 2026							
septiembre 2025	octubre 2025	noviembre 2025	diciembre 2025				
enero 2026	febrero 2026	marzo 2026	abril 2026				
mayo 2026	junio 2026						
LEYENDA							
8-sep	Inicio de curso	22-12	V. Navidad	16-feb	V. Carnaval	25-mar	V. Semana Santa
19-jun	Fin de curso	15.5	Festivo	FEST	Día de la Enseñanza		

4. AVALIACIÓNS

- 1ª Avaliación: 2 de decembro de 2025
- Entrega de información ás familias: 19 de decembro de 2025

- 2ª Avaliación: 10 de marzo de 2026
- Entrega de información ás familias: 27 de marzo de 2026.

- Avaliación final 22 de xuño de 2026.
- Entrega de información ás familias: 26 de xuño de 2026.

5.- ACTIVIDADES, CELEBRACIÓNS E SAÍDAS CULTURAI

Primeiro trimestre:

- Samaín: 30 de outubro.
- Festa do magosto, 7 de novembro.
- Día contra a violencia de xénero: 25 de novembro.
- Nadal, Semana do 15 ao 19 de decembro.
- Teatro Ártika.
- Visita de Afaga.
- Visita S. Marta.
- Carreira solidaria Leucemia



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



Segundo trimestre:

- Saída MARCO
- Saída Museo do mar
- A non violencia e a Paz, celebrámola o 30 de xaneiro.
- Día de Rosalía de Castro, 23 de febreiro
- Entroido, 13 de febreiro.
- Día da muller, 8M
- Teatro Artika
- Festas de San José: Semana do 16 ao 20 de marzo.
- Visita de Afaga.
- Visita S. Marta.

Terceiro trimestre:

- Semana do libro: do 20 ao 24 de abril
- Letras galegas :15 de maio.
- Recordo dos fundadores, Bonifacia e Francisco Butiñá :5 de xuño.
- Excursión final de curso, 19 de maio
- Festival graduación, 16 de xuño, pola mañá.
- Visita de Afaga.
- Visita S. Marta.

6. COORDINACIÓN CO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Realizaráse a partir do informe de derivación que o titor entrega á xefa do D.O. No informe recolleráanse as n.e.e. detectadas.
- Psicólogo: martes de 16:30h. ata ás 18:30h. e venres de 9.30h. ata ás 12.30h.
- Pedagoga con cita previa.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



7. OFERTA ESCOLAR

AULA MATINAL:

Horario de 07:30 h a 09:00 h, atendido por monitores. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días soltos ou toda a mensualidade.

SERVIZO DE MEDIODÍA

Horario de 14:00 h a 14:30 h, atendido por persoal do Centro. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días soltos ou toda a mensualidade.

PSICÓLOGO EXTERNO

Horario:

Martes de 16:30 h a 18:30 h e venres de 09:00 h a 12:30 h.

A demanda deste servizo faise a través do protocolo do Departamento de Orientación.

COMEDOR

Horario de 14:00 h a 15:50, atendido por monitores. Deben inscribirse en Administración. Poden ser días soltos ou toda a mensualidade.

[ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES DO CENTRO ORGANIZADAS POLO CLUBE, ANPA E CENTRO \(consultar a web do centro\)](#)

8. NORMATIVA

- **Puntualidade nas entradas e saídas.**
- As familias **non** poderán acceder aos corredoiros do centro en horario escolar.
No caso de chegar despois das 9h, o acceso ao centro deberá ser pola porta principal e dar aviso en portería (un traballador/a do centro acompañarao á súa aula, **non** as familias) .
- Polo benestar e atención dos nen@s, os pais/nais deberedes evitar transmitir información a mestra nas entradas e saídas.
- Tódalas prendas deberán vir **marcadas** co nome e primeiro apelido.
- As prendas de colgar levarán unha **cinta co nome** duns 15 cm.
- O calzado serán zapatillas deportivas brancas, de velcro e virán marcadas co nome.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



- O alumnado deberá traer unha **muda completa** nunha bolsa de **tela**, co nome por fora.
- **Traerán a merenda na bolsa do cole, co chaveiro coa foto, e marcada co nome.**
- @s pais/ nais/ titor@s colaborarán na educación para a saúde rexeitando a “comida-lixo”. Proporase ás familias un **semanario de merendas**. A froita debe vir cortada e pelada nun “tupper” marcado co nome. Só se poderán traer cubertos de plástico.
- Traerán unha botella de auga reutilizable (fácil de abrir, para fomentar a autonomía) **co nome ben visible**.
- Para manter o contacto utilizaremos diariamente o **correo electrónico**.
- A familia notificará as **ausencias** por teléfono ao centro, ou por correo electrónico á titora.
- **Aniversarios**: Soamente se repartirán as tarxetas se é invitada a totalidade da clase. O derradeiro venres de cada mes celebraránse os aniversarios de toda a etapa de infantil conxuntamente.
- O alumnado deberá ter adquirido o **control de esfínteres**.
- **Non** se poden traer cadeas, aneis nin pendentes de colgar.

9. PLANIFICACIÓN PASTORAL

LEMA: Onde queira que vaias

OBXECTIVO XERAL

CRER na escola como:

- Plataforma para achegarnos a nenos e xóvenes.
- Lugar privilexiado para a promoción da persoa.
- Integradora dos saberes da cabeza, o corazón e as mans.
- Disposta ao cambio, aos desafíos comúns, a atopar o seu lugar no mundo que nos toca vivir.
- Xeradora de opcións dinámicas e fortes coa investigación, o coñecemento e o compartir.

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

- **1. Educar cara ao Evanxeo.** “Lemos e escoitamos os retos do mundo e respondemos dende os valores de Nazaret”.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



- **2. Profundizar a nosa relación con Xesús no mundo real.** “Provocamos a experiencia de Deus e coidamos os lugares de encontro”.

- **3. Educar para asumir as nosas responsabilidades.** “Somos audaces, aprendemos a tomar decisións para fortalecer á humanidade”.

Este curso profundizaremos no obxectivo estratéxico 3 concretándose en actividades didácticas de aula, actividades complementarias, momentos, metodoloxía...

ACCIÓN

- **Ofertar espazos para o cultivo da interioridade.**
- **Dar a coñecer e fomentar Taller de Solidariedade como medio de implicación solidaria na acción pastoral.**
- **Adquirir compromisos de implicación pastoral.**

PRESENTACIÓN PLAN PI

O plan PI nace da unión dos plans de Pastoral e Igualdade co obxectivo de promover unha convivencia equitativa, baseada nos valores, pensamento e carisma da congregación centrados no contexto do colexio San José da Guía.

10. POLÍTICA LINGÜÍSTICA

CARTA ERASMUS+

O Centro na actualidade posúe a Carta Universitaria Erasmus + (ECHE).

Unha das nosas finalidades de participar en Proxectos de Cooperación Internacional (ERASMUS, E-TWINING, COMENIUS,..) é mellorar a competencia lingüística do alumnado.

A CARTA UNIVERSITARIA ERASMUS + amplía os nosos horizontes ante a posibilidade de realizar os alumnos/as do noso Centro, a Formación en Centros de Traballo nos Países da Unión Europea.

O obxectivo de unificar os distintos ámbitos que tiña o proxecto ERASMUS o que nos permite solicitar distintos tipos de participación na formación de profesorado, mobilidades de alumnado ou profesorado etc.

Na nosa política Erasmus se establece a estratexia do centro para os programas de cooperación, os obxectivos que se pretenden nos proxectos de cooperación internacional, o papel do centro para fomentar e certificar e participar nos proxectos. Toda esta información estará colgada na nosa WEB.

AUXILIAR DE CONVERSA

Incorporamos no Centro unha Auxiliar de Conversa de Escocia, sendo un apoio enormemente



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



eficaz para a adquisición de confianza e soltura por parte do noso alumnado e, sobre todo, para a mellora da competencia en Inglés. A implantación da Auxiliar de Conversa no Centro, é un factor decisivo na tarefa de crear un ambiente bilingüe e de promover a práctica da conversa no Idioma Inglés, cos nosos alumnos e alumnas e, profesores.

A incorporación do Auxiliar de Conversa ao Centro será o 16 de setembro e finaliza a súa labor o 15 de xuño de 2025.

CERTIFICADOS DE CAMBRIDGE ENGLISH

Seguimos potenciando e formando aos alumnos/As do Centro para obter o certificado de Cambridge. Todos os cursos, presentamos a un número de alumnos/As aos diferentes niveis.

PROGRAMA BEDA

Iniciámonos no curso 2013-2014 no **Programa Beda** que ten por obxectivo a axuda eficaz na mellora da ensinanza do Inglés, sempre en coherencia coa calidade do resto das ensanzas, do Proxecto educativo e os valores do Centro.

Consiste nunha implantación gradual da ensinanza bilingüe Castelán-Inglés no Colexio, reforzando e ampliando determinados aspectos da vida educativa lingüística do Currículo e do entorno escolar, a través de:

- Un incremento cualitativo e cuantitativo da ensinanza do Inglés.
- Avaliación externa con Cambridge ESOL para alumnado e profesorado.
- Incorporación de auxiliar de conversa.
- Formación específica do profesorado.

11. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS TICS

- Exposición do profesor apoiada polas novas tecnoloxías; na pizarra dixital interactiva, usando o libro dixital, internet e outras aplicacións informáticas. Contamos cun encerado dixital interactiva por aula.
- Utilización do alumnado das tecnoloxías que temos o noso alcance: encerado dixital, ordenador, tablet,...
- Aprendizaxe por investigación (búsqueda de información proporcionando páxinas webs)
- Preténdese transmitir os coñecementos básicos para poder utilizar as novas tecnoloxías.
- Daremos dende o principio as indicacións o alumnado por si se tivera que plantexar a educación presencial ou semi-presencial, onde dependeremos de que toda a comunidade educativa domine o entorno Moodle e o correo electrónico.

OBXECTIVOS:

1. Empregar o **navegador** para a procura de información dentro do marco dalgunha actividade ou práctica da materia.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



2. **Salvagardar os traballos** en carpetas organizadas e correctamente xerarquizadas. Reflexionar e fomentar o correcto almacenamento de documentos en Pen Drives que estean ben organizados para que facilite o seu uso.

3. Utilízalo **procesador de textos** para a elaboración dalgún traballo escrito. Para o seu correcto desenvolvemento, o profesor establecerá unha serie de requerimentos de formato para o traballo que o alumnado terá que cumprir que contemplan os elementos esenciais máis importantes do procesador:

- a. tipo de letra
- b. interliñado
- c. sangría
- d. índice
- e. título
- f. estilo de parágrafo
- g. incorporación de imaxes
- h. hipervínculos...

4. **Contrastar información** entre diferentes fontes da rede. Fomentar no alumnado a confrontación da información sen dar por certa a primeira fonte atopada.

5. Empregar algún programa de **elaboración de presentacións** para mellorar as súas exposicións orais. Intentar que non só se queden cos programas de presentacións de diapositivas, outras posibilidades son: Prezi, Google Slides, Powtoon... Tamén nestes casos lembrarilles e traballar na importancia do aspecto das presentacións:

- a. Cantidade de texto por diapositiva. Frases máis ben curtas que condensen conceptos. Sen listados longos de puntos.
- b. Imaxes axeitadas para cada concepto
- c. Tipografía de fácil lectura e de cor contrastado con respecto ao fondo



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



www.sanjosedelaguia.com

